ACADEMIA
AURIENSE–MINDONIENSE
DE SAN ROSENDO

# CONVOCATORIA DO PREMIO DE INVESTIGACION MANUEL IGLESIAS GRANDE ANO 2019



Co gallo de manter acesa a labarada intelectual, cultural e relixiosa que espallou no transcurso da súa vida, o que fora párroco de Celanova ó longo de dúas décadas, Manuel Iglesias Grande, falecido en Celanova o día 9 de novembro de 1994, no ano 1996 a familia do finado estableceu a convocatoria dun premio anual de investigación. A Academia Auriense-Mindoniese de San Rosendo con sede en Mondoñedo e Celanova, dende o ano 2011 asumiu compartir a convocatoria e agradecendo a xenerosidade da familia, aprobou novas bases polas que se convocaranualmente o citada premio sendo estas as

## BASES

1. O premio ten como materias e finalidades as propias da Academia convocante e se poderá conceder nunha dobre modalidade

A) A un traballo de investigación presentado cada ano antes do 15 de novembro, de tema histórico, artístico, musical o sociolóxico sobre a figura de San Rosendo, a idade media galega en xeral, o calquera aspecto histórico o artístico relacionado ca diocese de Mondoñedo, o mosteiro de Celanova u outras materias afines o territorios vencellados a figura de San Rosendo

B) A unha personalidade, ou institución proposta polos Señores Académicos e elixida por maioría de votos que destaque por unha traxectoria lúcida e xenerosa nos campos de estudo e investigación propios da Academia Rosendiana.

2. O premio de investigación consistirá nun diploma acreditativo, dotación de 1.500 €, e edición do traballo, sendo financiado pola familia e a Academia e tamén a posibilidade de ser proposto o seu autor como Académico correspondente
No caso dunha personalidade o institución, será un diploma e unha escultura de San Rosendo dos escultores o artistas académicos, e a publicación dun libro o algún traballo do premiado na revista Rudesindus.

3. O premio non quedará deserto xa que se adxudicará anualmente nunha das dúas formas posibles

4. No caso de traballos de investigación poderá concorrer a este premio calquera persoa, grupo ou equipo de investigación, sen distinción de nacionalidade.

5. Os traballos poderán estaren escritos en galego, castelán ou portugués.

6. Os traballos serán inéditos e terán unha extensión mínima de 100 folios por unha cara con letra "Times New Roman" de corpo 12 e 1,5 de entreliñado. Presentaranse de xeito anónimo, baixo plica e por triplicado.

7. Cada investigador ou grupo de investigadores poderá presentar un só traballo.

8. O orixinal do traballo premiado quedará en poder da Academia para ser publicado nun volume monográfico, adquirindo o galardoado o compromiso de ceder os dereitos de autor para a súa publicación como anexos da revista Rudesindus.

9. A Academia nunha reunión ordinaria elixira, tras escoitar o parecer dos membros designados para a súa valorización, o premiado o valorará las propostas que fagan os académicos, informando despois tamén a familia que o dota.

8.O premio entregarase anualmente nun acto público que terá lugar o mes de novembro coincidindo coa reunión da Academia na vila de. Excepcionalmente poderase sinalar outra data e lugar de entrega

9. Os traballos enviaranse por correo certificado ou por correo electrónico, ó seguintes enderezos:

***Premio de investigación "Manuel Iglesias"***
***Parroquia de Celanova***
*Praza Maior, 1*
*32800 Celanova (Ourense)*

*O Academia*
*Apartado 430*
*32080 OURENSE*
*archivocatedral@obispadodeourense.com.*

10. Os traballos non premiados poderán ser retirados polos seus autores dentro dos tres meses seguintes á data en que se dea a coñecer o fallo. Transcorrido o prazo citado sen que fixesen efectiva esta retirada, pasarán a formar parte do arquivo municipal.

11. A participación no certame supón a plena aceptación destas bases e do fallo que será inapelable.

*****************************

Celanova-Mondoñedo 2019